



Cal foi o descubrimento máis importante que fixo?

Pois mira, sempre é unha pregunta que lle fan ao noso grupo. Na parte forense foron moi importantes porque revolucionaron completamente o que é a identificación da xente.

Esto ten moita importancia para saber quen comete un crime. Vedes que moitas veces polo A.D.N. pódese saber quen é o que cometeu o delito, asasinato ou calquera cousa.

Estas técnicas de A.D.N. forense empréganse en todos os laboratorios do mundo; foron todas, a maior parte delas, desenvoltas no noso laboratorio e seguimos descubrindo cousas importantes aí. Por exemplo, nós a partir dunha mostra pequeniña; se ti tocas un móvil, unha chave ou o que sexa, nos podemos quitar de aí A.D.N, desa mostra podemos saber que cor de ollos ten, que cor de pelo ten, que idade ten, non si é de Barouta ou de Santa Comba pero si se é de España ou doutros sitios, todo iso pódese saber polo A.D.N. Estas técnicas están revolucionando moito a investigación.

Cales son os seus maiores problemas para facer u nha investigación?

Mira, nunha investigación, o primeiro que hai que facer é preguntarse o porqué de algo que non está resolto. Por exemplo hai moitísimas cousas que non están descubertas. O primeiro en saber, é facerse a pregunta, por exemplo: por que hai moitos rapaces que teñen autismo, pero hai máis rapaces que rapazas?

Esto é unha pregunta que non está descuberta, entón o seguinte que hai que facer é mirar, estudar para atopar a resposta, porque ti podes saber que non está descuberta, pero tes que ler moito para saber realmente que non está descuberta. Logo tes que facer un proxecto de investigación, é dicir, como podo averiguar porque hai máis rapaces que rapazas que teñen autismo? É dicir, como o vas facer para averigualo, nós normalmente estudando o ADN, estudando outras cousas... Moitos deses traballos precisan cartos, entón tes que pedir un proxecto de investigación, que che den os cartos, isto é unha parte competitiva, tes que competir con científicos que tamén teñen ideas. Para conseguir o obxectivo, unicamente ás mellores ideas lle dan os cartos para investigar. Isto é unha parte competitiva e pode que non che den o proxecto, pero entón tes outra idea e tes que seguir loitando por ideas.

Isto tes que organizalo e poden pasar máis cousas...Entón o seguinte paso é publicalo e darllo a outro científico, o que descubriches. Isto é o que facemos basicamente os/as científicos/as.

Cando soubo que quería adicarse a ciencia?

Ai, non sei, non sei ben. Supoño que foi ao final da carreira, pero sempre tiven moita curiosidade. Cando tiña a vosa idade, gustábame moito saber o porqué das cousas, tiña animalíños pequenos, collía cerámica... gustábame todo, gustábame moito a bioloxía, gustábame moito a historia, tiña moita curiosidade polo porqué das cousas. Pero saber que o meu era a investigación foi ao acabar a carreira. Ata acabar a carreira aínda non decidín realmente se me ía adicar á ciencia. Cando tiña a vosa idade tamén tiña moita curiosidade por todo, gustábame moito todo, todo, todo, ler, saber o porqué das cousas... facía ata experimentos na casa, ou sexa que, todo me encantaba, pero todo. Non tiña unha idea concreta de nada, pero tiña moita curiosidade por todo.”

Ten que viaxar moito?

“Penso que o que debo, é bonito pero tamén é canso. Téñome que pegar moitas palizas. Mirade as dúas últimas semanas nada máis que estiven un día en Santiago, e nunca durmín dúas noites no mesmo sitio. Visito moitos países, porque teño que relacionarme con moitos equipos, dar moitísimas conferencias, tamén é certo que en cada cidade do mundo teño un amigo. E que tamén entendes moito as súas culturas; un día estás tomando algo cuns amigos en Outes e outro día comendo unha hamburguesa en Lalín, outro día estás comendo unha pizza en Roma, con outros científicos. Pero eu a verdade hai unha cousa que sempre teño que revisar; viaxar menos porque cansa tamén moito. Sabedes estas cousas que dicimos no Nadal de: para o ano que ven vou estudar moitísimo..., para o ano que ven vou facer moito deporte..., pois eu para o ano que ven, a miña promesa dende fai 40 anos é...viaxar menos!

Como axudan a rapaces e rapazas que teñen algún tipo de enfermidade?

Nós todo o que facemos son os problemas xenéticos de rapaces e rapazas; hai moitos rapaces e rapazas que sofren moitos tipos de enfermidades, particularmente sofren moitos tipos de enfermidades xenéticas, que son mutacións en xenos, é que hai algunha cousa que teñen que non funciona ben. Case hai uns 45.000 pacientes que teñen problemas que temos que analizarlles o ADN para saber que lles pasa. A metade de todos eles son rapaces e rapazas porque moitos problemas xenéticos aparecen case co nacemento e é importante diagnosticar, saber cal é a letra que está mal, porque moitas veces pódese correxir. Imaxinádevos ser uns rapaces e rapazas como os que teño aquí esperando agora para falar connigo. Teñen un problema da Cofia Muscular Espiñal, non poden andar, normalmente, antes morrían porque cambiaban unha letra do ADN por outra. Agora podemos evitalo, correxilo e culminalo. Agora poden ser felices e vivir sen problema ningún. As nenas e nenos con problemas xenéticos non son mellores nin peores ca nós, son distintas e distintos nunha sociedade determinada.



Como describiría o ADN?

Como un libro de instrucións; primeiro eso. Pero todo o que ten vida ten ADN, e todo o que non ten vida non ten ADN, un plástico non ten ADN, unha bacteria, unha árbore, un peixe, nós, temos vida. Unha pranta ten ADN. Por eso eu o defino coma un libro de instrucións, porque ten definido as características de cada un, porque todos somos diferentes, somos como somos, todo está escrito aí.

Vostede cre que a xenética avanzaría tanto se fora faroleiro?

Seguramente sí, porque hai moita xente investigando, non soamente eu. No meu equipo teño a 200 persoas, que tamén é xente, non son só eu, eu son unha area máis na praia.

Nalgunhas cousas, tardarían un pouco máis, pero seguro que acabarían descubrindoas.

Que preguntas máis boas facedes, estou impresionado.

Que faría se lle deran o premio Nobel, aceptaríao ou non ?

Sí, porque non se lle pode dicir que non a un agradecemento tan importante, pero non me gustaría nada, sei que mo propuxeron un par de veces a mín e a outro compañeiro que descubriu o ADN forense, pero non me gustaría moito porque che cambia moito a vida e non podería ter a actividade que teño agora. Sei que hai moita xente que o querería recoller. Non me gustan as cousas que logo tes que vivir con moitísima presión e a popularidade non a quero, non me gusta moito a popularidade.

Cal é o seu maior reto agora mesmo?

Temos moitos retos agora mesmo, todos distintos. Sabes por que? Porque algúns cúmplense e outros non, de feito agora temos un no que están traballando 1.000 persoas e temos outro sobre o desenvolvemento das persoas con autismo e T.D.H.

Estamos traballando nun proxecto en clase que consiste en imaxinar unha vila/cidade ideal para os nenos/as. Pode darnos algunha idea?

A min non me gustan as cidades grandes, gústanme máis os sitios como Barouta, Santa Comba...

Prefiro as vilas pequenas. Creo que unha vila como a que tedes vós, mala non é. Unha vila onde na que todo o mundo poida entender a todos, que se respete a identidade, que se respeten os dereitos da xente.

Unha vila onde teñamos máis tempo para falar e máis tempo para lecer.



Que fai no tempo libre?

Pois mira, non teño moitísimo, pero no meu tempo libre gústame moito bucear, pescar, tocar a guitarra coa miña filla, ler, estar coa miña familia .Teño tempo para xogar a xogos, tipo destes de pensar. Gústame cando nos xuntamos a familia para xogar, tamén me gusta correr pero teño un problema no pé e fago moita bicicleta e moito piragüismo.

Que pode descubrir con só o pelo dunha persoa?

Non é necesario un pelo, só con tocar unha cunca poderíamos saber, se estás acusado e detido, se o que tocou a cunca cometeu un crime (espero que non sexas ti) e se está nunha base de datos de ADN, veríámolo.

Cos desenvolvementos que fixemos no grupo e que agora nos piden moitos policías do mundo, poderíamos saber a túa orixe xeográfica, cravariamos a túa idade, diríamosche cal é a cor dos teus ollos, a cor do teu pelo, se este é rizo ou liso.

Que significa para vostede o agradecemento dun paciente?

Non me gustan os premios, pero o agradecemento dunha ou dun paciente, dunha ou dun estudante ,...para min é todo. Iso é o que me da forzas para seguir traballando.

Moitísimo, igual que o dun estudante.

Esto significa todo, ou sexa, para min é algo que me da moita alegría. Pero é certo que che sube a moral, danme gañas de traballar, de seguir adiante. Os estímulos positivos máis ca os negativos a mín particularmente funciónanme mellor.

Aumentas a autoconfianza, danche ganas de traballar.

Que valora nunha persoa para que forme parte do seu equipo?

Que preguntas tan boas facedes. O que máis valoro é a ilusión; é o que máis valoro; que as persoas que veñan teñan moita ilusión. Da igual que sexan médicos, biólogos, veterinarios, matemáticos, psicólogos... Impórtame que traballen moito e que teñan moita ilusión, para traballar hai que ter ilusión porque traballar en algo que non che gusta non se pode traballar ben.

Paréceme moi importante estar ilusionado porque vai ligado a que despois poidas traballar, facer cousas con paixón. Valóroo moito, con diferenza, e case non me importa outra cousa. Para min é o máis importante.